

NUMAX PRESENTA:

95 | NOVIEMBRE 2025



Librería

Bañeiras e somieres

En novembro celebramos o último encontro de «Dicir as marxes» reflexionando arredor da idea de patrimonio, de como decidir o que queremos preservar e o que non. Palcos de cemento, hórreos, estradas nacionais, casas de ladrillo, bañeiras como bebedoiros e somieres como cancelas. Aquí algúns libros para acompañar o encontro.



Obradoiro
VV.AA.


COAG
25€



A casa contemporánea en Galicia

Plácido Lizancos

COAG | 28.85€



Esgrafiado galego

Mar López Sotelo

TEÓFILO | 60€



Toldo verde

Pablo Arboleda e Kike Carbajal

ASIMÉTRICAS | 35€



N-550 Da estrada á rúa. Km. 72 VV.AA.


12€



El Pasatiempo y otros jardines (extra) ordinarios

VV.AA.

ENCYCLOPAEDIA BOTANICA | 35€



Capital de provincia

Carlos Romero Rey

CANICHE | 18€



Paisaje y patrimonio: miradas contemporáneas

ASIMÉTRICAS | 24€



Arquitectura sin naturaleza

Timothy Morton

BARTLEBOOTH | 15€

**MÉRCORES 5 DE NOVEMBRO
ÁS 19:00H**

Presentación de
Manual de camuflaxe
(XERAIS)
de **Samuel Merino.**

**XOVES 6 DE NOVEMBRO
ÁS 19:00H**

Presentación de
El hielo de los suyos
(TRÁNSITO) de **Montse
Sánchez Alonso.**

**VENRES 7 DE NOVEMBRO
ÁS 19:00H**

Presentación de
Poesía oculta
(CHAN DA PÓLVORA)
de **Isolda Santiago.**

**MARTES 11 DE NOVEMBRO
ÁS 19:00H**

Presentación de
Corpus (ATRAVÉS)
de **Raquel Miragaia.**

**VENRES 14 DE NOVEMBRO
ÁS 19:00H**

Presentación de *El
accidente* (LIBROS
DEL ASTEROIDE) de
Blanca Lacasa.

**MARTES 18 DE NOVEMBRO
ÁS 19:00H**

Presentación de
*Mañana matarán a
Daniel* (RANDOM) de
Aroa Moreno.

**MÉRCORES 19 DE NOVEMBRO
ÁS 19:00H**

Presentación de
*Estudo sobre o voo
dos corzos* (XERAIS)
de **Mónica Caldeiro.**

**MÉRCORES 26 DE NOVEMBRO
ÁS 19:00H**

Presentación de
¿De qué tienes miedo?
(LUNWERG)
de **Nuria Díaz.**

**VENRES 28 DE NOVEMBRO
ÁS 19:00H**

Presentación de
Punto de araña (GALAXIA)
de **Nerea Pallares.**



C Compostela
Cultura



CINEU— ROPA 39

AMOR.CINEMA.PÚBLICO

DICIR

GO

13 de novembro ás 20:00h

Íñigo Sánchez-Fuarros

Plácido Lizancos

Feo ti. O útil e o bonito

no patrimonio arquitectónico

NUMAX **icine**
numax.org

Actividade subvencionada polo
 Deputación
DA CORUÑA

AS

MARXES

Filme do mes:



A VOZ DE HIND ESTREA 28 NOV

Kaouther Ben Hania, 89', AR, VOSE

Con Saja Kilani, Motaz Malhees

29 de xaneiro de 2024. Voluntarios da Media Lúa Vermella reciben unha chamada de emerxencia. Unha nena de 6 anos está atrapada nun coche baixo o lume en Gaza. O seu nome, Hind Rajab. Suplica ser rescatada. Mentres tentan mantela en liña, faise todo o posible por enviar unha ambulancia.

A película da directora tunesina Kaouther Ben Hania chega ás salas tras conmocionar o mundo enteiro no Festival de Venecia, onde recibiu unha sentida ovación de 23 minutos, a maior da historia do certame.

 **Gran Premio do Xurado Venecia 2025**
Premio do Público Donostia 2025.

Estreas



i Presentación e coloquio
co director | 1 NOV



i Presentación e coloquio con Marina
García López (Produtora) | 21 NOV
i Pase adaptado | 22 NOV



DECORADO ESTREA 31 OUT

Alberto Vázquez, 96', ESP, VO, +16

Arnold é un rato atrapado nunha crise existencial. O seu matrimonio vénse abaixo, a vida parécelle absurda e sospeita de que todo é unha farsa. Cando o seu mellor amigo morre en circunstancias sospeitosas, Arnold convéncese de que algo non encaixa.

🏆 Sección Oficial Sitges 2025

ACABADAS DE NACER

ESTREA 31 OUT

Jean-Pierre Dardenne & Luc

Dardenne, 105', FR, VOSE, +12

Con Elsa Houben, Babette Verbeek

Jessica, Perla, Julie, Ariane e Naïma viven nun refuxio para nais mozas. Cinco adolescentes criadas en circunstancias difíciles loitan por construír unha vida mellor para elas e as súas crianzas.

🏆 Mellor Guión Cannes 2025

CIUDAD SIN SUEÑO ESTREA 21 NOV

Guillermo Galoe, 94', ESP, VO, +16

Toni e vive na Cañada Real, o asentamento irregular máis grande de Europa, nas aforas de Madrid. Orgulloso da súa familia de chararreiros, pasa os días co seu avó, a quen admira. Pero as máquinas de demolición ameazan con arrasar todo o que coñecen.

🏆 Mellor Guión Semana da Crítica Cannes 2025
Perlak Donostia 2025

SOÑOS EN OSLO ESTREA 21 NOV

Dag Johan Haugerud, 110', NOR, VOSE, +16

Con Ella Øverbye, Selome Emnetu

Johanne namora perdidamente da súa profesora. Para preservar os seus sentimentos, documenta as súas emocións por escrito. Cando a súa nai e a súa avoa o len, ao principio abraíanse ante o contido íntimo, despois fican cativadas pola súa calidade literaria.

🏆 Oso de Ouro Berlinale 2025



ARO BERRIA

ESTREA 28 NOV

Irati Gorostidi, 102', EUS, VOSE

Con Maite Muguerza Ronse, Óscar Pascual López

Donostia, 1978. O cadro de persoal da fábrica de contadores de auga reúne-se para debater unha folga que finalmente non prospera. Decepcionados, os máis inconformistas dirixen as súas aspiracións de transformación social cara aos ámbitos máis íntimos.

🏆 **Mención Especial New Directors Donostia 2025**



FLORES PARA ANTONIO

ESTREA 28 NOV

Elena Molina & Isaki Lacuesta, 98', ES, VO, +12

Con Ana Flores, Ana Villa

Alba dispónse a buscar a verdade sobre quen foi seu pai, un músico lendario falecido cando ela tiña 8 anos. El é Antonio Flores. Ela a actriz Alba Flores. Alba deixou de cantar ao perder a Antonio e agora quere recuperar a súa voz e a súa historia.

🏆 **Sección Oficial Donostia 2025**

Palestine Cinema Days



A STATE OF PASSION

PASE ÚNICO 2 NOV

Carol Mansour & Muna Khalidi, 90, AR, VOSE

Con Rick Moranis, Ellen Greene

NUMAX súmase aos Palestine Cinema Days, un evento con 500 proxeccións de cinema palestino. *A State of Passion* ofrece un retrato do cirurxián Ghassan Abu Sittah, que pasou 43 días baixo as bombas de Gaza atendendo feridos sen descanso. Un símbolo da resistencia palestina.

Petis Numax



A TENDA DOS HORRORES

PASES ÚNICOS 1-2 NOV

Frank Oz, 94', ING, VOSE/VE, 1986

Con Rick Moranis, Ellen Greene

Seymour, dependente dunha floristería, está namorado da súa compañeira Audrie. Tras un estraño eclipse, Seymour merca unha planta, que bautiza como Audrie II. A planta comezará a moverse e mesmo a falar con Seymour, e convértese nunha atracción para a cidade.

🏆 **2 Nominacións Oscar 1986**



OLIVIA Y EL TERREMOTO INVISIBLE

PASES ÚNICOS 21-22-23 NOV

Irene Iborra, 70', ESP, VO

Olivia, o seu irmán pequeno Tim e a súa nai Ingrid son expulsados de casa e teñen que comezar de cero. Mentres Ingrid fai malabares para resolver a situación, Olivia inventa unha fantasía: nada do que viven é real, están rodando un filme. Pero esta invención terá consecuencias inesperadas.

🏆 **Premio Fundación Gan Annecy 2025**

Premio Nóbel: László Krasznahorkai



A CONDENA PASE ÚNICO 6 NOV

Béla Tarr, 120', HUN, VOSE, 1988

Con Miklós B. Székely, Gyula Pauer

O gañador do Premio Nóbel de Literatura 2025, László Krasznahorkai, e o gran director húngaro Béla Tarr, escribiron a catro mans o retrato de Karrer, un home de vida solitaria nunha poboación mineira. El pasa as tardes no bar Titanic, cuxo dono lle propón participar nunha operación de contrabando.

Foco Douglas Sirk



ESCRITO SOBRE O VENTO **PASE ÚNICO 4 NOV**

Douglas Sirk, 99', ING, VOSE, 1956

Con Rock Hudson, Lauren Bacall, Robert Stack

Kile Hadley, un magnate do petróleo, e Mitch Wayne, o seu mellor amigo e empregado, namoran da mesma muller: a secretaria Lucy Moore. Kile, que é un alcohólico irresponsable, casa con ela, aínda que Mitch está convencido de que con esta voda Lucy comete un grande erro.

🏆 **Mellor Actriz Secundaria Oscar 1956**



O SEU GRAN DESEXO

PASE ÚNICO 7 NOV

Douglas Sirk, 79', ING, VOSE, 1953

Con Barbara Stanwyck, Richard Carlson

En 1920, Naomi Murdoch abandonou a súa pequena vila e a súa familia para poder actuar polo país adiante. Dez anos despois, a súa filla Lily convidaa a vela actuar na súa obra do instituto. A volta ao seu fogar provocará os comentarios de toda a vila, espertando vellos conflitos e provocando emocións tormentosas.

Foco Chris Marker



SANS SOLEIL

PASE ÚNICO 24 NOV

Chris Marker, 100', FR, VOSE, 1983

Tres nenos nunha estrada en Islandia, unha tripulación somnolenta a bordo dun ferry, un emú en Île de France, un fermoso rostro das illas Bijagos, un cemiterio de gatos nas aforas de Toquio... Así inicia o relato unha muller descoñecida que le as cartas remitidas por un operador de cámara, Sándor Krasna, que a través das imaxes das súas viaxes reflexiona sobre a memoria e a función do recordo.

🏆 **Premio OCIC Berlinale 1983**

